

CAMPAMENTO URBANO VERÁN 2023

DEBIDO Á ALTA DEMANDA DE SOLICITUDES RECIBIDAS PARA A 1ª E 2ª QUENDA PARA PARTICIPAR NO CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN 2023 TEMOS QUE BAREMAR AS MESMAS PARA ESTABLECER UN LISTADO DE ADMITIDOS E DE AGARDA.

DADO O TEMPO QUE CONLEVA A SÚA TRAMITACIÓN PARA PODER BAREMALAS (DOCUMENTACIÓN PRESENTADA COA SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN REQUERIDA), E QUE AINDA NON RECIBIMOS A DOCUMENTACIÓN REQUERIDA DE TODOS OS SOLICITANTES VÉMONOS NA OBRIGA DE ESTABLECER NOVAS DATAS DE PUBLICACIÓN DA RELACIÓN DE ADMITIDOS E LISTA DE AGARDA DE SOLICITUDES PARA O CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN 2023, QUE SON AS SEGUINTEs:

Os pais, nais ou titores/as deberán mirar na páxina web municipal ou chamar ao Concello de Cambre (Concellería de Educación 981 613 291) a información que se publicará como data límite ás **13 horas do día 21 de xuño de 2023** para coñecer a **relación inicial de admitidos** e os **servizos que inicialmente** poden poñerse en marcha en función das solicitudes recibidas de todas as quendas (tiveran inicialmente máis solicitudes que prazas ou non). Esta información pode variar logo das baixas ou cambio de modalidade que se comuniquen por parte dos participantes admitidos/as.

A baixa ou cambio de modalidade, neste caso, das solicitudes recibidas de todas as quendas (tiveran inicialmente máis solicitudes que prazas ou non) solicitarase por escrito presentándoa en calquera dos rexistros municipais solicitando cita previa, via telemática pola sede electrónica do Concello de Cambre ou por correo electrónico na dirección: educacion@cambre.org antes das **23:59 horas do 23 de xuño de 2023**, logo desas datas procederáse igualmente ao cobro da actividade, agás causa de forza maior e xustificada.

Haberá unha **publicación definitiva de lista de participantes admitidos/as e lista de agarda e os servizos definitivos** que van realizarse, xa que por mor das baixas ou cambios de modalidade a información inicial poden variar, como límite ás **13:00 horas do día 28 de xuño de 2023** na páxina web municipal.

Para máis información chamar ao nº de teléfono de Educación: 981 613 291 ou no correo electrónico: educacion@cambre.org.

Cambre 9 de xuño de 2023

O concelleiro de Educación en funcións.

Miguel Ángel Gutiérrez Nieto